



A Voz do Alborada

Un cole que nunca para

Despedímonos!!! Un curso máxico onde a nosa comunidade educativa non parou de ofrecer aprendizaxes positivas que axudaron a que o sorriso acompañara o noso día a día.



5º Educación infantil A e B

As saídas escolares en tempos de COVID

Por mor da pandemia, este ano as visitas tiveron lugar ao aire libre

Os alumnos/as de 5º de E.I. do CEIP Alborada realizaron diferentes saídas ao longo deste curso escolar 2020-2021. Atendendo ás recomendacións sanitarias, as excursións fixéronse en espazos abertos, onde os nenos/as puideron ter contacto coa natureza e descubrir aspectos da historia da nosa cidade.

Fixemos unha camiñada polos arredores do Castro de Elviña e visitamos o Parque de Eirís, onde puidemos ver algunhas especies de árbores, plantas e animais propios deste recuncho da nosa urbe.

A comezos de Maio, fomos á Praza de María Pita, e alí ensináronnos a utilizar os cinco sentidos para exemplificar como os coruñeses gañaron aos ingleses na batalla que se levou a cabo na Coruña.

Observamos o edificio do Concello e descubrimos que na súa fachada hai catro figuras de muller cada unha co escudo dunha das provincias de Galicia. Descubrimos que o reloxo dá badaladas cada 15 minutos, que os coruñeses batallaron con pedras e paus (xa que non tiñan armas) e moitas curiosidades máis...



- Educación infantil leu "Na busca de Antón" De Ana López.
- 1º e 2º Leu "A Tartaruga Amodovou" De Paula Carballeira.
- 3º leu "Cando a Terra esqueceu xirar" De Fina Casalderrey
- 4º e 5º Leu "As peripecias de Extravanganza Pérez",
- "Señorita Bubble" e "Vampira de Biblioteca".
- 6º leu "Plan de Rescate" de Antia Yáñez.

6º Educación Primaria

Escritoras Galegas visitan aos nenos e nenas do Alborada

As escritoras destes tres libros viñeron a visitarnos. Algunhas delas como Antía Yáñez, firmaron libros e contestaron algunhas preguntas do alumnado, cousas como: ¿Como se te ocorreu a Historia? ¿Ganaches algún premio? Etc...

Contaron algunhas anécdotas da súa infancia que tiñan que ver coa Lectura e como fixeron para escribilos.



1ºA Educación Primaria

Promoción da actividade física

Unha hora máis á semana

Este curso contamos cun programa no cole destinado a promover a actividade física, polo que se aumentou unha hora de exercicio á semana. Tódolos grupos baixan cos profes de educación física e cos titores e titoras a facer xogos e dinámicas moi divertidos, pero o mellor de todo é que o fan cos nenos e nenas das outras clases do mesmo nivel. Sempre o fan no patio, ó aire libre, e respectando as normas de seguridade en relación o covid. Silvia e Manu sempre teñen xogos súper divertidos e novidosos, e os nenos e nenas divírtense moito, hai xogos que teñen moito éxito como "todos pillan ou hai galgos?" e que adoitan repetir porque os alumnos e alumnas lles encantan. Ademais tamén fixemos rutas senderistas, pero iso o explicaremos noutra noticia!

6º Educación Primaria

Películas con valores

O alumnado de 6º traballa valores con visionado e coloquio de películas

O alumnado de 6º ve as películas de Billie Elliot e Monsieur Batignole na hora de valores para aprender a respectar á xente sexa como sexa, de onde veña ou os gustos que teña.



6ºB Educación Infantil

A maxia envolve o entroido do Alborada

Os nosos alumnos disfrutaron dunha xornada festiva protagonizada pola maxia e o bo humor.



Alumnado de 6º E.I posa co seu disfraz

Como cada ano, o mes de febreiro trae o noso cole unha das celebracións preferidas dos cativos, o Entroido. Durante todo o mes nenos e nenas traballaron para poñer a punto o seu disfraz, baseado en personaxes e elementos máxicos.

Neste ano singular as meigas, trolls, nomos, fadas...non puideron celebrar o tradicional paseo polas rúas do noso barrio. No seu lugar o desfile realizouse no patio do colexio e a cercanía das familias trocou polos aplausos e vítores dos nosos compañeiros e mestres. O bo tempo nos acompañou e a música e o baile non podían faltar nunha festividade onde por unhas horas o poder da maxia converteu os nosos sonos en realidade.



Alumnado de 6º de Educación Infantil elaborando o seu disfraz

3ºB Educación Primaria

Os nenos de 3ºB do CEIP Alborada en ruta urbana

Os nenos de terceiro B do CEIP Alborada fan a ruta urbana de Mª Pita acompañados dunha guía.

Os alumnos de 3ºB do CEIP Alborada realizan unha ruta urbana no entorno de Mª Pita acompañados por unha guía que orienta e informa en todos os momentos do percorrido. Realízanse unha serie de actividades onde os alumnos participan e divírtense investigando sobre a vida, a persoa de Mª Pita e a súa actuación na defensa da cidade contra o ataque dos ingleses.



Alumnos de 3ºB investigan sobre Mª Pita aos pes da súa estatua.

2ºA Educación Primaria

Somos BOOKTOUBERS!

Os nenos e nenas do CEIP Alborada convertéronse en Youtubers para explicar os libros que leron.

Neste curso escolar o alumnado do CEIP Alborada comezou a facer unha actividade na que participaron todos os niveis de Infantil e Primaria. Para poder facer esta actividade, os nenos e nenas graváronse contando diferentes cousas sobre os libros que foron lendo tanto na clase como na casa. Fixeron resumos, explicaron os personaxes e a historia, contaron as súas partes favoritas, deron a súa opinión sobre o conto... e moitas cousas máis!

Desta forma, grazas ás recomendacións dos compañeiros/as, déronse a coñecer moitos libros da biblioteca que son moi entretidos. Ademais, o pasaron xenial! Quen sabe, igual dentro duns anos estes vídeos recorrerán o mundo de pantalla en pantalla con millóns de visitas.



ATRÉVETE CUN
PASATEMPO!

PASATEMPOS SITOMATEMÁTICOS

SUDOKUS

1		2	
			1
	4		3
3			

	4	1	
2			3
1			
		2	

CANTO VALE CADA FIGURA

★ + ★ + ★ = 6	0 + 🦋 + 🦋 = 14
♥ + ● - ★ = 7	✳ + 🌺 - 🦋 = 0
★ + ● + ● = 10	🦋 + ✳ + ✳ = 19
♥ + ★ - 🌺 = 3	✳ + 🌙 - 🌺 = 8

★ =	♥ =	🌺 =	✳ =
● =		🦋 =	🌙 =

Día de escalada e de andaina polo paseo

Relato dunha saída por Bruno Arias

5ºA Educación Primaria

Vou escribir sobre un dos meus días favoritos deste curso. O día que fomos de excursión a facer escalada.

Xa nada máis chegar a clase collimos a merenda e subimos ao autobús!

O bus aparcou xusto diante do estadio Riazor. Cando baixamos vimos aos monitores, despois de presentarse fomos por un pequeno camiño ata a porta dun polideportivo, alí dividíronnos en dous grupos, un para ir ao rocódromo e outro para ver uns vídeos.

A min tocoume o rocódromo que resultou ser máis grande do que esperaba. Cando entramos, fixéronnos deixar as merendas e os abrigos nun banco, logo puxéronnos os arneses e os cascos e comezamos a escalar. Debo dicir que daba máis medo do que esperaba pero ao final foi moi divertido!

Cando rematamos fomos xuntos a ver vídeos, explicáronnos moitas cousas. Logo, fomentos, merendamos ao carón do mar, no paseo marítimo. Despois de descansar un bo rato, fomos facer unha andaina para ver o Milenium. Resultou ser unha agulla moi alta, pero o divertido do paseo foi ir falando cos meus amigos.

Ao final tivemos que volver. O malo foi esperar ao bus, logo subimos e cando chegamos ao cole xa era hora de marchar para casa.

Así que foi un día completo, encantoume poder saír unha mañá do cole!

“Encantoume ese día porque o pasei xenial!” - Javier Bra
“Este día foi o máis importante do curso para min” - Adrián López

“O mellor día para min neste curso, foi superguai” - Sainza Mariño

“Foi un gran día, reímonos, divertímonos e tamén non fixemos o exame de Inglés”

Ana Paula

“Foi impresionante!” - Sara Freire

“Encántanme os días así, molan, e máis cando vas coas amigas!” - Fabiola Carrillo

“Eu escribín todo ese diazo na miña libreta, oxalá veña outro igual” - Sabela Hervas

“Este é o día que máis me gustou, foi moi divertido!” - Rocío Méndez

- Alumno de 5ºA



ATRÉVESTE CUN PASATEMPO?

SITOPASATEMPO

b	e	d	f	w	i	t
a	c	o	e	y	e	s
t	h	o	u	s	e	y
h	a	r	n	c	a	t
w	i	t	c	h	k	a
q	r	n	w	e	z	f

WHERE IS WILBUR?
witch-cat-eyes-house-bed-bath-chair-door



6º Educación Primaria

O día da muller e a nena na ciencia.

A científica galega María Santos conversa cos nenos e nenas do Alborada.

A segunda semana de febreiro, o CEIP Alborada celebrou a semana da muller e a nena na ciencia, que culminou con unha conversa coa científica galega María Santos o pasado día 11 de febreiro.

María Santos, que na actualidade está a traballar na investigación robótica nos EEUU amosoulle aos nenos e nenas algúns dos traballos que está a realizar para a Universidade de Princeton, polos que lle outorgaron diversos premios e recoñecementos, e respondeu ás preguntas do alumnado do noso colexio.

Durante a semana da ciencia, ademais, os nenos e nenas de 5º e 6º de primaria fixemos un mural no que investigamos sobre mulleres que abdicaron a súa vida a diferentes ramas da ciencia como a arqueoloxía, a robótica, a entomoloxía, ... O día da muller e a nena na ciencia celébrase a causa do porcentaxe tan pequeno de mulleres que traballan nun oficio relacionado coa ciencia, sen embargo, o porcentaxe das mulleres no mundo é maior co dos homes.



Mural feito o 11 de febreiro polo día internacional da muller e a nena na ciencia



Mostra das verduras e froitas do horto: amorodo, cebolas, leitugas e porros.

5ºB Educación Primaria

O Noso Horto

O CEIP alborada puxo en marcha un horto ecolóxico

Este ano, no mes de febreiro, puxemos en marcha o noso horto ecolóxico. Está dividido en 5 bancais e cada un leva o nome dun paxaro do noso entorno: curuxa, anduriña, picapao, miñado e pardal. Nestes bancais podemos atopar unha ampla variedade de verduras, froitas e plantas aromáticas como: chícharos, fabas, xudías, lavanda, romeu, lila, sandía, melón, cabaciño, cabaza, espinacas, cebolas, pementos, pirixel, amorodos... Esta ampla variedade de plantas débese a que este horto é totalmente ecolóxico.

No noso horto acompañanos Chío, un espantallo feito con materiais reciclados que trouxo o alumnado. A maiores, as etiquetas das plantas están feitas por tapóns, tamén recollidos polo alumnado, e as regadeiras fixémoslas a partir de botellas do comedor escolar. De cara ao ano que vén, queremos incorporar un hotel de insectos, para darlle coidade e protección á fauna auxiliar da horta, e atraer ás abellas e pequenas xoaniñas, avespas, lagartiñas... Casiñas, comedeiros e bebedeiros para paxaros, para así telos da nosa parte e evitar que coman os nosos cultivos, e casiñas para morcegos, pois á noite saen a cazar e comen, ademais de mosquitos, as polillas brancas que atacan ás coles.



Curiosidades

Sabiades que na clase se 1ºA o animal favorito é o camaleón?

É un animal moi curioso e especial ,cada neno e nena fixo o seu e están escondidos pola clase

Lingüística

Alborada é a primeira luz do día e tamén unha composición con ritmo de marcha que se toca, principalmente, de mañá cedo e desfilando.

Cultura

No mundo se falan sobre 7000 linguas, e que o español é a segunda lingua máis utilizada despois do mandarín? Descubrímolos nas aulas de 4 anos, nas que estamos facendo un proxecto sobre o mundo.

5º Educación Primaria



Torneo de xadrez

Os alumnos de 5ºC organizaron un torneo de xadrez

Neste curso 2020-2021, celebramos no CEIP Alborada un campionato de xadrez, vendo o gran interese que este deporte xeraba concretamente no curso de 5º de primaria. Anotamos 18 nenos para o campionato e comezaron a celebrarse as partidas nos ratos que podiamos. Despois de partidas longas e emocionantes, dos cuartos de finais e de semifinais, chegamos á gran final entre Anxo e Matías, dous nenos moi especializados no Xadrez. Tras un bo rato de partida, Matías proclamábase campión e moi contento recibía o premio, un xadrez tamaño peto para xogar onde quixera.

PROFE: Nalgún momento chegaches a pensar que gañarías este torneo?

MATÍAS: A verdade e que si, xa que levo anos xogando e penso que son o que máis nivel teño no aula, xa que algúns dos meus compañeiros e compañeiras acaban de comezar a xogar. Eu comecei aos 5 anos, que me ensinou a miña nai, e seguimos xogando hoxe en día na casa, aínda que ela sempre sigue gañando.

PROFE: Cal foi a partida máis difícil a que te enfrentaches neste torneo?

MATÍAS: Na partida que xoguei en cuartos de final contra Manu houbo un momento no que pensaba que ía perder, xa que xogou moi ben, pero penso, que foi na final contra Anxo, onde máis nervioso estiven xa que é un bo contrincante e non foi nada doado gañarlle.

“Anotamos 18 nenos para o campionato e comezaron a celebrarse as partidas nos ratos que podiamos”

- Alumno de 5ºC

6ºD Educación Primaria

Roteiro pola costa de Dexo.

Os alumnos de 6º do CEIP alborada visitan o monumento natural costa de Dexo.

Acompañados por dous guías, fomos descubrindo a fauna e a flora característicos dos acantilados. Durante o nosa camiñata vimos o antigo porto de Dexo, o guindastre para subir as barcas nos días de temporal, e tamén a illa da Marola, que semellaba unha tartaruga emerxendo do mar. Tamén o Seixo branco, que é unha formación rochosa que axudaba os mariñeiros a volver a terra e tamén encontramos os vellos edificios militares, agora xa abandonados. Entre tódala flora, vimos toxos, xestas, herba de namorar, amorodos silvestres, fiunchos, feitos e ata unha herba que se utilizaba para adormecer as troitas cando esta se bota ao auga.

Tamén encontramos no noso percorrido o Torvisco, que é unha planta que está prohibida a súa recolección. Ademais ensináronnos como descubrir animais polo rastro que deixan, dende a terra revolta polo xabarin, as piñas comidas polos esquios, ata á espuma onde protexe os seus ovos a espumadeira.

Tomamos a merenda nunhas rochas preto das furnas mentres intentabamos ver os cormoráns e o paiño do mal tempo. Chamado así pola crenza mariñeira de que aparecían antes dunha tormenta.



O alumnado merendando e disfrutando do entorno da costa de Dexo



Natureza

As flores teñen pétalos e tamén tépalos? Os tépalos son cada unha das follas que protexen os órganos dunha planta; mentres que os pétalos son as follas mais vistosas da flor que forman a corola sellada cos sépalos verdes.

Local

Sabias que na Cidade Vella hai rúas que teñen o nome segundo o tipo de traballos que nelas se facían?

Zapatería, Cortaduría...

Cultura

No antigo Exipto os gatos eran os animais preferidos dos faraóns. De feito, eran embalsamados e momificados como os humanos. Actualmente existe unha raza de gato que non ten pelo que debe o seu nome ao parecido con estes felinos, o gato Esfinxe.

Boas nenos e nenas, hoxe imos desenmascarar as personaxes misteriosas relacionadas co proxecto do Club de Letras, todas elas mulleres investigadoras que coidan de nós. *Imos aló! A profe Lorena*



STEPHANIE KWOLEK

Inventora do Kevlar, fibra amarela de alta resistencia que se emprega para a fabricación dos chalecos antibalas.



MARY ANDERSON

Inventora do limpiaparabrisas, grazas a ela podemos ver mentres conducimos con chuvia.



MARTHA COSTON

Inventora da bengala Coston que permiten a comunicación ás escuras entre diferentes barcos.



LETICIA GEIGER

Inventora da xiringa cunha man que tanto se emprega hoxe en día coas vacinas contra a COVID-19.



HELEN MURRAY

Inventora das tiras reactivas de ouriña que se empregan para detectar diferentes enfermidades.



Marie Curie

Descubridora do Polonio e o radio desenvolvendo a teoría da radioactividade, moi útil a día de hoxe.

Se queredes coñecer máis mulleres investigadoras escaneade o seguinte QR



Maxia

Sabías que... hai papel que non se molla? Temos que ter un bol con auga, un vaso e unha pelota de papel. O que temos que facer será introducir a pelota de papel no fondo do vaso e logo introducir o vaso verticalmente no bol e ao sacalo verás que... este papel non se mollou!

Matemáticas máxicas

O sete é un número máxico: porque 7 son as cores do arco da vella, 7 son os ananiños de Brancaneves e 7 os cabritiños do conto aos que o lobo quería papar. Tamén son 7 as vidas que ten o gato, 7 os días da semana e 7 as notas musicais que nos ensina Jimmy e mais Manuel.

Bioloxía

Sabías que... os golfinhos dormen cun ollo aberto?

Sabías que... os vermes de seda fan o seu casulo cun único fío, coma se fora un delicado novelo?

Alumnado de 4ºB

Estimada directora:

Dirixímonos a vostede en calidade de alumnos do seu centro. Concretamente somos a clase de 4º B e gustaríanos facerlle unha serie de suxerencias con respecto ao centro, que consideramos poderán ser de utilidade:

- 1.- Gustaríanos ter recreos de media hora.
- 2.- Ter no patio unha zona cuberta para poder saír cando chove.
- 3.- Se fose posible poñer uns muros para facer Parkour.
- 4.-Poñer colectores para reciclar distintos materiais
- 5.- Gustaríanos dispoñer na aula de ordenadores que funcionen ben.

Para rematar queremos agradecerlle que nos escoite cando temos un problema, tamén por todos os xogos novos que se debuxaron no patio e por último, agradeceríamos que nos cumprise algunha das nosas peticións.

Sen máis e esperando con ansia a súa resposta, un cordial saúdo da aula de 4º B.



Alumnado de 4ºA

Estimada directora:

Os alumn@s de 4º A queremos aproveitar o xornal para agradecer algunhas melloras realizadas ao longo deste curso no noso cole:

1. A instalación do rocódromo e dunha mesa de ping-pong no patio cuberto.
2. A colocación dos bancos na arboreda do patio.
3. A colocación de xogos no chan do patio.
4. A rotación polas diferentes zonas do patio.
5. A colocación de bancos e dunha rede de bádminon nas pistas.
6. A renovación do horto

Tamén queremos propoñer novas suxerencias de mellora para o curso que ven:

1. Mellorar a conexión a Internet co fin de traballar máis a gusto cos ordenadores portátiles.
2. Ter dez minutos máis de recreo.
3. Os días que chove que haxa quedas no patio cuberto para non ter que quedar tantos días na clase.
4. Ter unha pista cuberta.
5. Pasar máis tempo ao aire libre.
6. Poñer taquillas nas aulas para poder reducir o peso das mochilas.

Esperamos que as nosas suxerencias sexan atendidas.

Un saúdo, os alumn@s de 4º A.



A maxia da imaxinación en 3 anos: proxecto “Vouche contar un conto”.

Érase unha vez... Os mais pequerrechos do cole desfrutando dos contos...

Os nenos e nenas de 3 anos estiveron a traballar con contos. Algúns foron contos de sempre como *Carapuchiña vermella* ou *Os tres porquiños*, e outros mais contemporáneos, como *A vaca que puxo un ovo* e *O peixe arcodavella*. Sen dúbida o que mais gustou foi *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza...* Foi moi divertido facer a caca de plastilina para poñela na portada!, védelo?



Mural elaborado coas portadas dos diferentes contos traballados



Matemáticas

Sabías que a táboa de multiplicar do número 11 é unha das máis sinxelas? Isto é porque o resultado de multiplicar 11 por un número do 1 ao 9 é ese número escrito dúas veces.

Cultura

Existe unha tradición na cultura xaponesa, todo aquel quen consiga facer mil “grullas de Origami”, verá un desexo seu feito realidade.

Local

Sabías que.... na Coruña nos xardíns de san Carlos, hai un sepulcro adicado ao xeneral Sir John Moore que morreu no ano 1809 a batalla de Elviña? Cando vaias de visita non esquezas admirar os dous xigantescos olmos centenarios.

1ºB Educación Primaria

A visita ao castro de Elviña

Os nenos e nenas de 1ºB do CEIP Alborada descubren o gran tesouro que se esconde en Elviña.

Grazas ao programa deportivo que se está a desenvolver no noso centro para fomentar a práctica de actividade física, os rapaces e rapazas de 1º fixemos unha pequena andaina arredor do Castro de Elviña.

Foi unha xornada marabillosa, na que puidemos desfrutar da natureza cos nosos amigos e amigas ao mesmo tempo que facíamos actividade física.

Ademais fomos unha segunda vez, cunha visita guiada por dentro do castro. Alí, puidemos ver arqueólogos escavando, e nos ensinaron unha bala antiga da Batalla de Elviña e unha moeda romana! Tamén aprendemos moitas cousas, como que as preciosas vistas á Coruña e ao mar eran para vixiar aos inimigos que entraban nos seus barcos e que ademais tiñan unha gran muralla ao redor para protexerse. Encantounos estas visitas e pasámolo xenial!



Alumnos de 1º de Ceip Alborada recorrendo o Castro de Elviña e os seus arredores.



Unha mostra do arte da artista xaponesa Yayoi Kusama

6ºA Educación Primaria

O CEIP ALBORADA transfórmase nun museo

O CEIP Alborada aposta por fomentar a creatividade do alumnado.

Alumnado e profesorado do centro levaron a cabo diversas recreacións e reinterpretacións de obras de arte de autores e autoras do S.XX que agora exhiben nos seus corredores.

O CEIP Alborada, na súa decisiva aposta por fomentar a creatividade do alumnado, ven de levar a cabo unha serie de obras de arte que abranguen desde instalacións inspiradas nas obras da pintora e escultora xaponesa Yayoi Kusama hasta os coloridos cadros do colombiano Romero Brito ou a fotografía da madrileña Ouka Leele

Estas obras artísticas ocupan agora os corredores converténdoo nunha sorte de galería de arte ou nun pequeno museo cheo de creacións tan orixinais como interesantes.



Decoración dunha mesa inspirada no artista catalán Joan Miró



Ciencia

Sabías que... Marie Curie, foi unha científica polaca pioneira no campo da radioactividade, foi a primeira muller en recibir dous Premios Nobel, un en Física e outro en Química?

Historia

Sabías que... Ana Frank estivo recluída coa súa familia durante 2 anos, escondéndose dos Alemáns?

Sostenibilidade

Coidando a nosa horta, os nenos e nenas de 1º B descubrimos que podes darlle unha segunda oportunidade as cáscaras de ovo, sabes como? Despois de ferverlas, se as colocas en anaquiños arredor da planta, estas evitarán que sexan combatidas polos caracois e babosas ao mesmo tempo que lle aportará minerais e favorecerá o seu crecemento.

6ºB Educación Infantil

Os artistas de 3 anos

Os máis pequenos/as do cole recrean unha obra de arte que decorará o noso colexio.

Os nenos/as de 3 anos desfrutamos reproducindo unha obra da pintora galega Menchu Lamas, que leva por nome *Remeros*. Para elo empregamos diferentes técnicas plásticas: pintamos con rolo e pincel, empregamos a técnica de resgado e pegado de papel e fixemos espirais con papel continuo.

Mentres desfrutamos da plástica traballamos as cores e as figuras xeométricas que aparecen na obra. Por outra banda coñecemos a autora, nada en Vigo, e outras das súas obras. Falamos do mar, dos mariñeiros, o seu oficio e da importancia de coidar e respectar o medio ambiente.



6ºA Educación Primaria

Estréase unha obra de teatro no CEIP Alborada

Na clase de 6ºA do Alborada. Preparan unha obra do “Mago de Oz” pero diferente, mellor dito: espectacular. A representación desenvólvese en 3 linguas, castelán, galego e inglés. Ademais aprendemos moitos valores. Tamén os nenos do alumnado deseñan a decoración do escenario e os seus personaxes. Nesta obra tamén participan as titoras da clase.



3ºA Educación Primaria

Explorando as flores

3ºA explora unha flor nun taller proposto pola Domus da Coruña

O alumnado de 3º terceiro do CEIP Alborada participamos nun taller que propuxo a Domus da Coruña. Debido a situación sanitaria que vivimos, non puidemos desprazarnos ata alí, mais a alternativa tamén nos pareceu atractiva e divertida. Videoconferencia!!

Isabel ensinounos a diseccionar un lirio e guiounos paso a paso Moi atentos á explicación, puxémonos mans á obra. Repartimos os materiais (un papel, tesoir, pinza, cinta e un lirio) individuais. Aprendimos moito sobre esta flor: as partes internas (estambres, anteras, pistilo, o filamento...) e as externas coma os pétalos e os tépalos. Actividade educativa moi recomendable. O resultado quedounos moi ben e cada un levouno para casita. Pasámolo xenial coa experiencia, grazas!!



Mostra da disección da flor



"SE EU PODO, TI PODES. TODOS E TODAS PODEMOS"

Son palabras de Gitanjali Rao, unha inventora moi nova nomeada Nena do Ano pola revista TIME. Entre outros, inventou un dispositivo para identificar a presenza do chumbo na auga (tan perigoso) e unha aplicación móbil que detecta o "ciberacoso" (ameazas ou intimidacións pola internet)

"Algunhas nenas din que a tecnoloxía é algo de nenos, pero eu creo que se probasen lles gustaría"

Valeria Corrales, unha rapariga española con grandes habilidades para a robótica e xa con varios premios...

Mirade no enlace a continuación algún dos videos de 20 CIENTÍFICAS E TECNÓLOGAS ESPAÑOLAS que nos contan moi brevemente porque elixiron esas carreiras... QUE INTERESANTE, RAPAZAS!!

<https://mujeresconciencia.com/2019/05/24/por-que-tan-pocas-tecnologas-y-cientificas-espanolas-a-la-luz/>

6ºB Educación Primaria

Excursión fin de etapa

O muiño do Pedroso

O alumnado de 6º do CEIP Alborada irá de excursión de fin de etapa a Área Natural Muíño do Pedroso, en Narón. É un cámping preto do río Xuvia.

Os nenos/as poden elixir se prefiren ir un día ou dous días. As actividades están deseñadas para desfrutar e vivir unha aventura en plena natureza.

Teñen previsto realizar rutas de sendeirismo, ginkana de auga, carreiras de orientación, paintball, skape room, tiro con arco... Están moi impacientes pero terán que agardar ata o día 27 de maio para comezar esta inesquecible aventura.

O xoves, 27 de maio pola mañá sairán en autobús cara Narón. Unha vez alí comezan as actividades e os que quedan a durmir, instalanse en tendas de campaña, en grupos de 3 ou 4 e garantizando todas as medidas COVID. Lembra que rematan un capítulo moi importante nas súas vidas e que comezarán outro novo: O instituto. Agardamos que o pasen xenial nesta viaxe !!



Área natural Muíño do Pedroso

A EXCURSIÓN
FOI UN ÉXITO!!!!



2ºA Educación Primaria

O Alumnado do CEIP Alborada descubren a Praza de María Pita, a través das Rutas Urbanas Animadas

Os alumnos de 2º de E.P. do CEIP Alborada descubren os tesouros da Praza de M^a Pita.

O día 15 de Abril o alumnado de 2º de E.P. fan unha saída para coñecer a praza de M^a Pita e os seus tesouros.

Os alumnos saen en bus do colexio ata Porta Real. Alí son esperados por tres monitores, un por aula, que xunto cos titores serán os encargados de organizar a saída.

Os monitores daranlle a cada alumno un cuadernillo onde figuran os tesouros que teñen que descubrir a partir das pistas que lles van dando.

Así descubrirán os escudos das provincias galegas, cantas mulleres hai na fachada do concello, cantos farois e bancos hai, cantos reloxos ven etc.

Ao finalizar a saída os alumnos teñen un coñecemento exhaustivo de M^a Pita.



O CEIP ALBORADA DESPÍDESE DUNHA PROMOCIÓN MÁXICA.. NORABOA!!!!!!



SENTÍMONOS MOI ORGULLOSAS DESTA MÁXICA PROMOCIÓN QUE REPRESENTAN OS VALORES QUE DEFINEN AO NOSO CENTRO:

RESPECTO Á NATUREZA

RESPECTO AOS NOSOS IGUAIS

RESPECTO A NÓS MESMOS

RESPECTO ÁS EMOCIONS, SENTIMENTOS

E RESPECTO AO DEREITO A SER EU, TI, NÓS...



CEIP ALBORADA
Promoción 20/21